



CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS ESPECIFICAS PARA A CONCESION DE BOLSAS A UNIVERSITARIOS/AS NO CURSO 2019/2020

Primeira. Natureza, obxecto e créditos orzamentarios

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública en concorrencia competitiva, que no exercicio das súas competencias e de conformidade co disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2019, efectúa o Concello de Oza-Cesuras para a concesión de bolsas de estudo, curso 2019/2020, como acción de fomento e contribución aos gastos orixinados polo comezo do curso escolar, así como de transporte ou estancia, destinada a alumnos cursando estudos de carácter universitario, matriculados en centros de carácter oficial.

O presente expediente está suxeito á dotación presupostaria do exercicio 2019 dentro da partida 2019.326.48000, sendo a consignación orzamentaria de 8.000,00 €

Segunda. Beneficiarios, requisitos e xeito de acreditación

Para optar ao beneficio de bolseiro/a deberán reunirse os seguintes requisitos:

- 1- Estar empadroado ininterrumpidamente no Concello de Oza-Cesuras cunha antigüidade mínima de seis meses. Esta circunstancia, que deberá cumprirse no último día do prazo de presentación de solicitudes, será comprobada de oficio polos servizos municipais.
- 2- Estar matriculado en ensino universitario no curso 2019/2020. Esta circunstancia acreditarase mediante fotocopia da matrícula.
- 3.- Asistir regularmente ás clases. Esta circunstancia acreditarase mediante a declaración responsable incluída no formulario de solicitude.
- 4.- Cumprimento dos requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta circunstancia acreditarase mediante a declaración responsable incluída no formulario de solicitude.

Terceira. Contía e criterios de selección

A contía da bolsa será como máximo de 200 € cada unha.

Será requisito mínimo estar matriculado como mínimo un 75% dos créditos correspondentes ao curso da matrícula presentada na solicitude. Os alumnos que se matriculen en asignaturas soltas quedarán excluídos.

Aqueles alumnos que non acadaran como mínimo un aprobado de nota media ou o equivalente no curso académico 2018/2019 en créditos non terán dereito á axuda. Así mesmo, teñen que ter superadas a metade das disciplinas curriculares nas que estiveran matriculados.

As axudas que se concederán atenderán as posibilidades económicas das familias procurando garantir o desenvolvemento educativo. Para iso, estableceráanse distintos tramos baseados na renda da unidade familiar.



Así para efectos de esta beca, enténdese por:

a) UNIDADE FAMILIAR:

- O matrimonio ou parella, os/as pais/nais ou titores legais e os/as fillos/as menores de 25 anos que dependan economicamente destes.
- Os fillos e fillas maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial con minusvalía do 33% ou superior.
- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co/a solicitante da bolsa de axuda. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co/a solicitante e que se atope empadroado na mesma vivenda. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do/a menor.
- No caso de que os solicitantes constitúan unidades familiares independentes, tamén se consideran membros computables o cónxuxe, ou persoa a que se atope vinculado por análoga relación, así como os fillos que tivera.

b) RENDA FAMILIAR:

A capacidade económica da unidade familiar calcularase en atención a súa renda e se é o caso ao seu patrimonio. A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban e que comprenderán os rendementos do traballo, incluídas as pensións e prestacións de previsión social (nacionais e/ou do estranxeiro, calquera que sexa o seu réxime (certificado 2018); os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e pérdidas patrimoniais.

Ante calquera dúbida a comisión calificadora poderá solicitar declaración xurada de ingresos.

Nos casos de violencia de xénero adxudicarase o importe máximo da beca, sen ter en contar ningún tipo de baremación e acreditarase por medio de calquera dos seguintes documentos:

- Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
- Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que se sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG nº 152, do 7 de agosto)
- Certificación e/ou informe dos servizos sociais e /ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.





Para efectos desta convocatoria, ten a consideración de ingresos a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro do imposto sobre a renda de persoas físicas.

	TRAMOS DE RENDA			
	Ata 10.000,00 €	De 10.000,01 € ata 16.000,00 €	De 16.000,01 € ata 22.000,00 €	De 22.000,01 € ata 28.000,00 €
Importe da axuda	200,00 €	150,00 €	100,00 €	50,00 €

De non existir crédito suficiente, reducirase a contía das axudas en igual proporción a todas as solicitudes que sexan beneficiarias.

Será susceptible de valoración extraordinaria calquera circunstancia que a comisión considere documentalmente acreditada ou no seu defecto solicitar a documentación que fose precisa.

Cuarta. Órgano competente

O órgano instrutor do procedemento aos efectos do artigo 24 da Lei 38/2003 será a Concelleira delegada na materia.

O órgano Colexiado aos efectos do artigo 22 da Lei 38/2003 será a Comisión Calificadora, que estará constituída por unha Traballadora Social, a Educadora Familiar, un funcionario/a e a Concelleira delegada na materia.

O órgano competente para a concesión das bolsas é o Alcalde-Presidente ou órgano no que delegue, previa proposta da Comisión Calificadora.

Quinta. Prazo de presentación de solicitudes e documentación a xuntar.

- 1- O prazo de presentación de solicitudes rematará o vindeiro 5 de decembro de 2019.
- 2- As solicitudes deberán formularse segundo o modelo oficial que figura como Anexo I dirixido ao Sr. Alcade do Concello de Oza-Cesuras, e que se presentará no Rexistro Xeral do Concello de Oza-Cesuras, en calquera das sedes de Oza dos Ríos e Cesuras, telemáticamente na sede electrónica do Concello de Oza-Cesuras, con certificado dixital, ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP). No suposto de que a instancia non se presente no Rexistro Xeral do Concello o solicitante deberá remitir copia da solicitude ao Fax 981 792025 antes do remate do prazo de presentación das solicitudes. Á solicitude deberá acompañarse os seguintes documentos:

- Impreso de solicitude debidamente cuberto, no que se asinará unha declaración de





que a documentación presentada concorda cos orixinais, que terá que ter no seu poder no prazo de catro anos para calquera comprobación que se lle requira, e de que se asistencia regular ás clases.

- Fotocopia resguardo da matrícula do curso 2019/2020.

- Fotocopia das cualificacións obtidas no curso 2018/2019.

- No caso de non autorizar a súa consulta (Anexo III), achegará a declaración da renda correspondente ao último exercizo (ano 2018) e, de non estar obrigado a facela, certificado acreditativo do nivel de renda emitido pola Axencia Tributaria.

- Certificado do núm. de conta bancaria a nome do beneficiario onde realizar o ingreso da bolsa.

Sexta. Procedemento de concesión de axuda.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, serán valoradas pola Comisión Calificadora a totalidade das solicitudes presentadas, que emitirán un informe proposta de concesión/denegación e logo procederase a súa aprobación polo órgano competente.

Establécese un prazo de resolución de tres meses contados a partir do día seguinte ao remate do prazo de presentación de instancias. De producirse silencio administrativo entenderase denegada a solicitude.

Sétima. Pago

O pago das bolsas efectuarase por transferencia bancaria, para o cal o solicitante deberá presentar o número de conta onde quere que se lle ingrese a dita axuda, acreditando esta conta mediante certificación bancaria entregada coa solicitude.

Oitava. Xustificación

En función do obxecto da subvención e a súa natureza de bolsa enténdese xustificada a mesma pola concorrencia dos requisitos establecidos no punto segundo da presente convocatoria. En calquera caso o beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requerida pola intervención do Concello, Tribunal de Contas ou Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O beneficiario ten a obriga de reintegro dos fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención, e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Novena. Compatibilidade

A presente subvención é compatible con outras que para a mesma finalidade poidan concederse por entes públicos ou privados aos beneficiarios cos requisitos previstos na base segunda.

Décima. Recursos





A resolución que resolva o procedemento poñerá fin á vía administrativa e, contra a mesma o interesado poderá interpor os recursos que se indican a continuación:

- 1 Recurso potestativo de reposición, ante o órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a aquel no que se notifique ou publique a resolución, de conformidade co establecido nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo común ds Administración Públicas.
- 2 Directamente, recurso contencioso administrativo, ante o órgano competente da xurisdicción do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses a contar dende o seguinte a aquél no que se notifique ou publique a resolución, en aplicación do disposto no artigo. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción do Contencioso Administrativo.
- 3 Todo iso, sen prexuízo de que o interesado interpoña calquera outro recurso que estime pertinente.

En Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónica

O Alcalde,

José Pablo González Cacheiro



ANEXO I
SOLICITUDE

DATOS DO/A SOLICITANTE

Nome e apelidos		NIF/NIE	
Enderezo			
Concello		C.P.	
Teléfono fixo		Teléfono móbil	

- Actuando en nome propio.
- Representado, en calidade de _____ a:

Nome e apelidos		NIF/NIE	
Enderezo			
Concello		C.P.	
Teléfono fixo		Teléfono móbil	

SOLICITA:

Que tendo coñecemento de que o Concello de Oza-Cesuras convoca as seguintes axudas:

- BOLSAS A UNIVERSITARIOS/AS NO CURSO 2019/2020.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

- Fotocopia do resgardo da matrícula do curso 2019/2020.
- Fotocopia das cualificacións obtidas no curso 2018/2019.
- Declaración da renda correspondente ao último exercicio (ano 2018).
No caso de non estar obrigado a facela, certificado acreditativo do nivel de rendas emitido pola Axencia Tributaria.





Asdo.: _____

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OZA-CESURAS

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

(a cubrir por todos os solicitantes)

Eu, don/dona

con DNI núm. _____, veciño/a de Oza-Cesuras

DECLARO que:

1º- Cumpro os requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2º- Asisto regularmente ás clases do ensino universitario no que estou matriculado/a.

3º- A documentación achegada para a concesión da bolsa de estudos é exacta e fiel ás miñas circunstancias actuais, tanto persoais como económicas.

4º- Comprométome a conservar a documentación orixinal durante un período de 4 anos.

Oza-Cesuras, _____ de _____ de 20__

Asdo.: _____





ANEXO III

AUTORIZACIÓN PARA OBTENER DATOS DA AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA

As persoas que asinan abaixo, autorizan ao Concello de Oza-Cesuras a solicitar á Axencia Estatal da Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control do cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria de bolsas a universitarios/as para o curso 2019/2020, cando a persoa que consta no apartado A da presente autorización poida resultar beneficiaria de algunha delas.

A presente autorización outorgase exclusivamente aos efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda mencionada anteriormente e en aplicación do disposto no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que permite, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA. PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: DATOS QUE POSÚA A AXENCIA TRIBUTARIA DO IMPUESTO SOBRE LA RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS DO EJERCIZO 2018.

A.- DATOS DO SOLICITANTE DA AXUDA.

APELIDOS E NOME	
NIF	SINATURA

B.- DATOS DE OUTROS MEMBROS DA FAMILIA DO SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECIMENTO, SEGUIMENTO OU CONTROL DA AXUDA.

(Únicamente maiores de 18 anos)

NIF	Apelidos e nome	Sinatura





En Oza-Cesuras, a ____ de _____ de 20__

NOTA: A autorización concedida polos que arriba asinan pode ser revogada en calquer momento mediante escrito dirixido ao organismo solicitante.

DILIXENCIA

Exténdoa eu, Secretario, para facer constar que as anteriores bases reguladoras foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local deste concello en sesión celebrada o pasado 15 de novembro de 2019.

Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónica

Asdo.- José C. Sánchez Presedo

